



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER  
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



## Comunicado nº 271/16 21 de novembro de 2016

### ☐ TEMPADA 2017.

Os Colexios de “Comisarios Deportivos”, e “Comisarios Técnicos” serán nomeados pola Federación Galega de Automobilismo, en tódalas especialidades dos Campionatos de Galicia de Automobilismo Deportivo; para contrastala capacitación e unificalos criterios de actuación axeitados ás directrices da Federación Galega de Automobilismo.

A Federación estudiará propostas dos organizadores, por escrito e razoadas, da conveniencia de inclusión de Comisarios, no cadro de oficiais de cada proba, así como do Presidente dos Colexios, que obrigatoriamente terá que terán recoñecida a titulación, “CD1ª”, ou “JOC1ª”, na súa licenza, como rexistro previo para a aprobación do seu regulamento particular.

Os Colexios de Comisarios terán que ter certificado de aceptación, da “Federación Galega de Automobilismo”, para que o regulamento particular da proba poida ser aprobado ós efectos administrativos e deportivos.

---

### ☐ COMISIÓN TÉCNICA 2017.

Ante reiteradas consultas dos participantes de vehículos clásicos, para a súa participación nos Campionatos de Rallyes e Montaña 2017, sobre a instalación de determinados recambios nos seus vehículos; infórmase da **prohibición de instalación** de:

- A.- Caixas de cambio secuenciais.
- B.- Sistema de control de saída.
- C.- Inxección electrónica.
- D.- Só se admiten vehículos pola súa ficha de homologación F.I.A., Anexo J 1981, e vehículos do Grupo 1, 2, 3, e 4.
- E.- Os vehículos do Grupo 5 terán que manter obrigatoriamente o seu bloque-motor de orixe, podendo instalar culatas modernas, pero cumprindo os anteriores apartados A, B, C, estrictamente.

---

### ☐ PROPOSTAS CAMPIONATOS 2017.

Apertúrase un prazo ata a data da Asemblea Ordinaria, a celebralo día 3 de decembro de 2016, para que os deportistas, organizadores, e entidades afiliadas á Federación Galega de Automobilismo, fagan propostas de regulamentacións para os diferentes Campionatos de Galicia 2017 (Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, e Regularidade).

As diferentes Comisións de Traballo valorarán as diferentes propostas, de ser do interese do Automobilismo Galego, para ser incluídas ou rexeitadas no Anuario 2017. As propostas deberán ser enviadas a [“fga@fga.es”](mailto:fga@fga.es) indicando o remite do titular das proposta/s.

---

### ☐ BRIDAS 2017.

Na especialidade de Rallyes e Montaña, para a tempada 2017, **ningún vehículo turboalimentado poderá montar unha brida de máis de 34 milímetros**. Os Mitsubishi e Subaru, do Grupo A Galego, e os Evo VIII e Subaru anteriores de Grupo A só poderán montar brida dun máximo de 34 milímetros. En Grupo N de 33 milímetros, nos R5 de 32 milímetros. Tódolos vehículos de Grupo X pasan de 38 a 34 milímetros sen ningún tipo de distinción. No Grupo G e no N6 Maxi Rallye Galego limitase tamén a monta de brida de 34 milímetros.

---